

PROGRAMA

Mesa Redonda

Durante a duración da mesa redonda haberá servizo de ludoteca para os vos@s fill@s na carpa situada na plaza do Parking Europa.

12:00 a 14:00. Auditorio de Lalín

- “Hacia unha educación consciente”. Gloria Fontán.
- “Apego e autonomía fronte sobreprotección e vulnerabilidade”. Dori Martínez .
- “Coñecer a disciplina positiva”. Ana Couto

Obradoiros. Auditorio de Lalín

Prazas limitadas: 20 prazas por obradoiro.

17:00 a 18:00

- “Magui, a Maga Contacontos”. Dirixido a pais e nais e nen@s a partir de 3 anos.
- “Educar sen premios nen castigos coa Disciplina Positiva”. Dirixido a pais e nais.

18:00 a 19:00

- “Emociónáte” Dirixido a nen@s de primaria.
- “Deixémoslles ser”. Dirixido a pais e nais.



**A familia como motor de cambio.
Educar no esforzo e na
responsabilidade**

III Encontro de familias do Deza

Infancia: crianza e educación

14 de decembro do 2019

Lugar de celebración: Auditorio de Lalín

Inscrición:

cfr.pontevedra.eip2@edu.xunta.es

Tlf.: 698 10 74 98

Colabora:



Organizan:



CFR
PONTEVEDRA



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Gloria Fontán


Psicopedagoga, mestra, coach persoal, familiar e educativo, especialista en Intelixencia Emocional. Actualmente directora de Gapefa.

“Hacia unha educación consciente”. A educación consciente non é máis que exercer a educación dende unha nova consciencia, con intencionalidade.



Dorotea Martínez

Psicóloga experta en intervención familiar. Ampla experiencia con poboacións vulnerables, mocidade e familias. Formadora da Escola de Pais e Nais no CEIP de Portonovo. Responsable do Programa +XUVENTUDE do Concello de Sanxenxo.



“Apego e autonomía fronte a sobreprotección e vulnerabilidade”. Os afectos xunto coa protección e a aceptación dende o nacemento son as bases fundamentais do crecemento e desenvolvemento san das crianzas como seres humanos.

Ana Couto

Pedagoga, coach educativo e familiar, experta en Intelixencia Emocional e en técnicas de estudo, creadora do método Estudar con sentido.

“Coñecer a disciplina positiva”. Veremos o que a Disciplina Positiva aporta ás familias.



OBRADOIROS

- **Magui, a Maga contacontos.** Os contos son un recurso maravilloso que favorece a aprendizaxe. Ademais aporta numerosos beneficios no desenvolvemento dos nenos e nenas. Neste obradoiro, ademais de gozar da propia actividade da lectura dun conto, onde as familias poderán participar de xeito activo, aprenderemos estratexias para empregalo coma unha ferramenta de aprendizaxe.
- **Educar sen premios nen castigos coa Disciplina Positiva.** Practicaremos estratexias diferentes á dos castigos, premios, chantaxes e ameazas. Non importa quen é o culpable, se non como o solucionamos mantendo o respecto de todas as partes. Aprenderemos a ver o que hai detrás do comportamento dos nenos e nenas para dar unha resposta máis axeitada e respetuosa coas necesidades de adultos e nenos/as.
- **Emociónate.** Desenvolver a nosa intelixencia emocional favorece o noso benestar e mellora as relacións coas persoas do noso entorno. O primeiro paso e aprender a identificar as emocións en nós mesmos e nos outros. A través do xogo e divertidas dinámicas os nenos e nenas aprenderán a identificar as diferentes emocións.
- **Deixémoslles ser.** Repasaremos xuntos/as as capacidades das crianzas segundo as súas idades e traballaremos de forma práctica como potencialas, mellorando así a súa autoestima e capacidade de obter logros.